



ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIVEIRO O DIA VINTE E OITO DE NOVEMBRO DE DUOS MIL OITO

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE

D.Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS

D^a. María Loureiro García, D. Rafael Luis Fernández Amor, D^a, Olga María Méndez Carro, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a M^a. Concepción Toral Romero, D. Vicente Hermida Rodríguez, D. Guillermo Leal Arias, D^a Raquel Atadell Giz, D. Jesús Fernández Fernández, D^a. M^a. Del Carmen Gueimunde Vila, D^a. Vanesa Rego Martínez, D. Celestino V. García Paz, D. Juan José Pardo Gato, D. Jose Goás Basanta e D. Orlando Exposito Mariño.

SECRETARIA ACCTAL

Fatima Moar Rivera

EXCUSA A SÚA AUSENCIA

D^a. Isabel Rodríguez López

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as dezanove horas do día vinte e oito de novembro de dous mil oito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria accidental, Dona Fátima Moar Rivera, celébrase a sesión extraordinaria e urxente do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Sendo a hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde declárase aberto o mesmo.

1º.- RATIFICACION DA URXENCIA DA CONVOCATORIA

Polo Sr. Alcalde-presidente dáse conta da urxencia da sesión, e maniféstase que nun principio pensábase facer unha sesión extraordinaria do Pleno do Concello, na que asistira a persoa homenaxeada, despois consideraron outorgarlle o galardón nun acto público, que non deslucira o acto da entrega, o vindeiro día trinta de novembro, e facer esta imposición no Teatro Pastor Díaz de Viveiro para darlle mais vistosidade ao acto en sí. Polo proponen a ratificación da urxencia da convocatoria.

Intervén o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, e manifesta que non entende a urxencia e premura de celebrar esta sesión e na súa intervención aclarará os seus motivos.

Seguidamente, o Pleno Corporativo, por unanimidade e de conformidade co establecido no artigo 79 do ROF, ratifícase na urxencia da convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno.

A continuación polo Sr. Alcalde-presidente, procédese a dar lectura ao único punto da Orde do Día que dí:



2º.- PROPOSTA DA ALCALDIA DO OUTORGAMENTO DA MEDALLA DE HONRA DE VIVEIRO A DONA MARIA DEL CARMEN LOPEZ GOMEZ

Polo Sr. Alcalde-presidente, D. Melchor Roel Rivas, propónse ao Pleno da Corporación que se adopte acordo de outorgarlle a Medalla de Ouro a Dona María del Carmen López Gomez, e seguidamente, comeza a súa exposición dicindo que Dona Maria del Carmen, coñecida como “Chipe”, é a Directora da Mostra Folklórica Internacional e Presidenta do Grupo de Danzas “Bagoas da Terra” de Viveiro. Sendo por todos coñecida a súa traxectoria cultural e dilatada labor cultural, tanto ao fronte deste Grupo que levou o nome da cidade de Viveiro por todo o mundo e que se mantén desde fai máis de cincuenta anos co Grupo Bagoas da Terra” e trinta anos enchendo a praza Maior de Viveiro de cores coas Mostras Folclóricas internacionais. Engade o Sr. Alcalde, que temos que recoñecer a súa constancia día a día, xa que non era doado naqueles tempos, hai máis de cincuenta anos, que unha muller estivera ao mando dun equipo de homes e mulleres que aman o folcklore, pero sempre presididos e liderados por Dona María del Carmen López Gómez.

Por todo iso, propoñen ao Pleno, para esta máxima distinción da Cidade de Viveiro, a unha veciña que fixo unha importantísima labor cultural e froito da mesma, Maria del Carmen López Gómez, merece que se adopte acordo e que se lle outorgue a Medalla de Ouro da Cidade de Viveiro, nun acto público, no Teatro “Pastor Díaz”, o vindeiro día 30 de novembro deste ano.

Aberto a quenda de intervencións, pasa a falar o Tenente de alcalde, Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, que dí que está de acordo co outorgamento da Medalla de Ouro a Dona María del Carmen López Gómez por ser embaixadora do pobo de Viveiro, e que o Grupo do PS de G-PSOE vai a votar a favor de esta concesión da máxima distinción da Cidade.

A continuación intervén o Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, que dí que está a favor do outorgamento da Medalla de Ouro a D^a. María del Carmen López Gómez, que o seu Grupo xa se manifestou a favor nun acto público e considera que María del Carmen López Gómez, fixo unha importante labor cultural por Viveiro con diversas actividades e tamén como embaixadora, levando o nome de Viveiro a nivel internacional, intercambiando a nosa cultura con outras de todo o mundo, polo que vamos a votar a favor.

Continúa o Concelleiro do BNG., D. José Antonio Goás Basanta, e manifesta que preferiría que esta proposta se presentara nunha Xunta de Voceiros, pero que de todas as maneiras, está a favor do outorgamento da Medalla de Ouro a Dona María del Carmen López Gómez.

A continuación, intervén o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, e manifesta que está en contra da urxencia desta sesión e da entrega desta distinción. Pensa, que o Sr. Alcalde debería convocar a Xunta de Voceiros, xa que esta Medalla de Honra é concedida polo pobo de Viveiro, é sendo unha distinción da Cidade de Viveiro tíñamos que sabelo todos.

Intervén o Sr. Alcalde para decirlle, que xa se dixo publicamente hai varios meses, e que non é motivo para votar en contra o que non se convocara a Xunta de Voceiros.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por maioría dos membros presentes, con quince votos a favor. (PS de G –PSOE; PP, BNG.), que supón a maioría absoluta do número legal de membros, e un voto en contra do Concelleiro de IU-EU, acorda:



PRIMEIRO.- Outorgarlle a Medalla de Ouro de esta Cidade de Viveiro, a Dona María del Carmen López Gómez, en atención aos méritos extraordinarios que concorren na súa persoa.

SEGUNDO.- Que a dita Medalla sexa imposta polo Sr. Alcalde, nun acto público, o vindeiro 30 de novembro de 2008, no Teatro “Pastor Díaz”, ás dezanove horas.

TERCEIRO.- Dáse traslado do presente acordo á Concelleira-Delegada de Cultura, así como á Animadora Socio-cultural, para a súa notificación á interesada”.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión cando son as vinte horas, estendéndose de todo o tratado a seguinte acta, da que eu, Secretaria accidental, dou fe.